

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS

Vistas as Bases de selección para a contratación laboral temporal dun/ha técnico en turismo do programa denominado fomento de emprego da Deputación de Lugo con cargo ao Plan Único 2021, expediente 304/2021.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo, e de acordo co establecido nas bases da convocatoria, de conformidade coas atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-la lista definitiva de aspirantes admitidos que a seguir se relacionan:

ADMITIDOS

Nome e apelidos	D.N.I
SUEVIA ANSEDE RIO	3334****V

SEGUNDO.- Publicar a relación de admitidos na sede electrónica do Concello (<https://muras.sedelectronica.gal>).

TERCEIRO.- Facer público a composición do Tribunal cualificador que xulgará o proceso selectivo e estará composto polas seguintes persoas:

Presidente: D^a. Silvia Lamelas Soto, Secretaria-Interventora do Concello de Muras.

Secretaria: D. José Orosa González, persoal funcionario do Concello de Muras

Vogal: D^a. Maria González Cabarcos, funcionaria do Concello de Xermade

Vogal: D. Miguel A. Arroyo Moreno, Secretario-Interventor do Concello de San Sadurniño.

Vogal: D. Iago Manuel Bermejo Varga, Secretario do Concello de Ortigueira.

TERCEIRO.- A aspirante poderá solicitar a recusación dos membros do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, de 1 de outubro de do Réximen Xurídico do Sector Público.

CUARTO.- Convocar aos membros do Tribunal cualificador para o próximo día 21 de setembro de 2021 as 11.00 horas, co obxecto de constitución de dito Tribunal e avaliación de méritos da fase de concurso, e sinalar como data para a realización das probas da fase da selección o mesmo **día 21 de setembro de 2021 as 11.15 horas** no Local denominado “Casa do Médico” do Concello de Muras, para o cal queda citada a aspirante admitida.

QUINTO.- A aspirante deberá levar mascarilla obrigatoria correctamente posta. A aspirante NON poderá retirar a súa mascarilla. Na sala na que se realicen os exames se disporá un dispensador de xel hidro – alcohólico para o seu uso ao acceder a aula.



Durante a celebración do exame a aspirante seguirá as instrucións dos membros do tribunal. A aspirante utilizará o material co que acudirá a realizar as probas (bolígrafo). Igualmente os membros do tribunal non facilitarán ningún material á aspirante.

SEXTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 de 16 de marzo)

